

## Acordo da Comisión Permanente da EIDUDC reunida o 28 de abril de 2016 sobre PRÓRROGA DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO 2016-2017

Poderá solicitar a prórroga de estudos de doutoramento o alumnado para o que o prazo de defensa da tese remata no curso 2016-2017 en programas de doutoramento do RD 99/2011.

### Procedemento

#### 1. Solicitud de prórroga:

- Solicitud motivada a través da Secretaría Virtual do/a estudante (Expediente - Solicitud de Prórroga)
- Período de solicitud: xuño, xullo e agosto de 2016.
- Debe de solicitar a prórroga o alumnado que a data límite de defensa da tese estea comprendida dentro do curso académico 2016/2017 (unicamente a estes efectos, o curso académico considerárase comprendido dende o 01/10/2016 ao 30/09/2017).
- Requisitos para solicitar a prórroga:
  - estar matriculado/a no curso académico 2015-2016.
  - ter aprobado o plan de investigación.
  - ter superada a última avaliación anual.
  - que a data límite de defensa da tese sexa anterior ao 01/10/2017.

#### 2. Informe do perfil autorizado<sup>1</sup>:

- Informe motivado dos/as directores/as/titor/a de tese, a través da *Secretaría Virtual* do PDI.
- Período de realización do informe: 1 de xuño a 15 de setembro de 2016.

#### 3. Resolución da solicitud:

- Resolución motivada favorable ou desfavorable da Comisión Académica do programa, a través da *Secretaría Virtual* do PDI.
- Período de resolución (coincidente co período de avaliación anual): 16 a 30 de setembro de 2016.

#### 4. Matrícula:

- 1º prazo ordinario de matrícula (segundo o calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento curso 2016-2017): 4 a 14 de outubro de 2016.

### Prazos

Solicitud de prórroga	1 de xuño a 31 de agosto de 2016
Informe do perfil autorizado (director/a da tese)	1 de xuño a 15 de setembro de 2016
Resolución da CAPD	16 a 30 de setembro de 2016
Matrícula	4 a 14 de outubro de 2016

**NORMATIVA:** Artigo 3 do Real decreto 99/2011 e artigos 25 e 26 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC.

#### **Artigo 25. Duración máxima e mínima dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial**

*A duración dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial será, respectivamente, dun máximo de tres e cinco anos. En cada caso, esta duración contarase desde a primeira matrícula do doutorando polo concepto de tutela académica do doutoramento ata a presentación da solicitud do depósito da tese de doutoramento.*

#### **Artigo 26. Prórrogas para a realización dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial**

*Se a solicitud do depósito da tese de doutoramento non se presenta transcorrido o prazo establecido, a CAPD podería autorizar a prórroga do prazo, logo da solicitud do doutorando. A prórroga sería dun ano nos estudos de doutoramento a tempo completo e de dous anos nos estudos de doutoramento a tempo parcial. De forma excepcional, podería ampliarse este prazo en ambos os casos en outro ano adicional. A autorización das citadas prórrogas farase de forma motivada e de acordo coa normativa da universidade*

<sup>1</sup> Informe do perfil autorizado: informe da dirección da tese (no caso de varios directores dunha mesma tese, só un deles está autorizado para realizar o informe desta tese a través da Secretaría Virtual do PDI)